

Lalín, 25 de novembro de 2023

"NA TÚA PEL"

Ai miña avoa! se che fixera caso dende o primeiro momento! Eses olliños azuis non se enganaban, dábacho o corpo... a mesma pel que anos atrás, sufrira as consecuencias dun malnacido e a mesma que, en cada engurra, agochaba o recordo do medo, o sufrimento e o sacrificio feito polo "ben" da familia.

Na miña mente sobreviñan sensacións daquel tempo, un carrusel a toda velocidade, que ata aquel xusto instante non cobraran sentido. O cambio de cor dos teus ollos cando o mirabas, tornando escuros e tristes; o arrepío que percorría o teu corpo cando escoitabas o ruxir das escaleiras, froito das zancadas do monstro que viña na túa busca, o cheiro nauseabundo que desprendía, unha mestura perfecta entre viño e arrogancia; as palabras mal soantes e as ordes, a imaxe da sangue nos beizos, o tacto do teu mandilón protector, que nos agochaba nos días complicados, os teus rezos pedindo pola súa "*ialma*" e as bágoas, moitas bágoas, naqueles panos que arrecendían a rosas e xasmín.

Fuches unha muller brava, forte e valente; nas túas mans quedaron as pegadas do arduo traballo co gando, na terra e na casa, onde os coidados dos teus tres fillos se compartían cos da túa sogra, suxeita a unha cama dende había máis de cinco anos.

E no día do aniversario da túa morte aquí me atopo, escribíndoche para darche a razón, pois tal e como me dixeras, ese rapaz "non era home para min".

E claro que non o era, pois o que comezou coma unha fermosa historia de amor converteuse nun dos meus peores pesadelos.

E non falo soamente das malleiras avoa, comprenderasme perfectamente cando che digo que son peores as palabras, pois fan case más dano que os propios golpes e xermolan nas entrañas en forma de loucura, onde dubidas ata de quen eres. Se ben é certo, debo confesarche que intentei calar esa sensación coa bebida, outro dos meus pesadelos, coa esperanza de que esta me transportara a un lugar moi lonxe del.

E agora atópome soa, pois encargouse de illarme e apartarme de todas as persoas as que quero, con tres fillos, como tiñas tu avoa, que sofren as consecuencias dun fogar cheo de violencia; cunha adición forte que me sostén ao mesmo tempo que acaba pouco a pouco comigo e cunha vida marcada polo medo.

Pero sabes que? Que non me vou render, polos meus fillos, por min e tamén por ti; porque non quero que a historia se repita na pel da miña filla Adela, porque non quero que me recorden como eu te recordo a ti e porque non quero morrer despois dunha vida malgastada.

Porque me quero muller, porque me quero viva, porque me quero libre, porque me quero, así sen máis.

E ao que remate de escribir esta última liña, darei o primeiro paso cara a liberdade, consciente de que non será un camiño doado, pero convencida de que merecerá a pena; denunciareino.

Sempre túa, sempre contigo miña avoa.